

A Pena, Proendos – Sober, 1975-01

Informantes: Sr. Marcelino e familia**Compilador:** Xosé Luís Rivas**Transcripción:** X.L. Rivas, rev. S. de la Ossa

1. Muller miña, non bebas máis viño
que che hei de dar unhos zocos.
Eso non, maridiño, non.
Os pés tortos
non queren os zocos
bota viño pr'ós nosos corpos.
2. Muller miña non bebas más viño
que che hei de dar unhas medias.
Eso non, maridiño, non.
Pernas feas
non queren as medias
os pés tortos
non queren os zocos
bota viño pr'ós nosos corpos.
3. Muller miña, non bebas más viño
que che hei de dar un refaixo.
Eso non, maridiño, non.
Corpo baixo
non quere o refaixo
pernas feas
non queren as medias
os pés tortos
non queren os zocos
bota viño pr'ós nosos corpos.
4. Muller miña, non bebas más viño
que che hei de dar unha camisa.
Eso non, maridiño, non.
Barriga lisa
non quere a camisa
corpo baixo
non quere o refaixo
pernas feas
non queren as medias
os pés tortos
non queren os zocos
bota viño pr'ós nosos corpos.
5. Muller miña, non bebas más viño
que che hei de dar un mantelo.
Eso si, maridiño, si.
O mantelo
fai [...]
barriga lisa
non quere a camisa
corpo baixo
non quere o refaixo
pernas feas
non queren as medias
os pés tortos
non queren os zocos
bota viño pr'ós nosos corpos.
[...]



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudios das
identidades